

Este Congreso ten como obxectivo establecer un punto de encontro, para compartir e fomentar o intercambio de experiencias docentes, así como reflexionar sobre as principais novidades do sector. Contamos coa presenza de profesionais de relevancia tanto no ámbito académico, como no ámbito profesional.

Benvidos ao CIFP SOMESO!

COLABORACIÓN:

Referentes no sector como o **Grupo LOIDA Imaxe Contemporanea. Dende Galicia con máis de 25 anos de historia, ofrece servizos de Imaxe Integral. Perruquería, Estética e Benestar, cobran un novo significado apostando pola excelencia e a innovación, baixo un equipo de mais de douscentos profesionais da Beleza, co obxectivo de alcanzar a excelencia e ofrecer a máxima calidade.**

Por outra banda, a intervención de D. Óscar Guinea, Asesor en Imaxe Persoal, Marketing, Comunicación e Adestrador de Equipos de Imaxe Persoal, con máis de 20 anos como formador e facilitador para o sector da Beleza, e Director da Escola de Barbaría e Imaxe Persoal GO!, ademais de formador para as Compañías de Beleza máis importantes de España, aportará as novas tendencias no sector.

Unha intervención de excepción, tendo en conta o seu nomeamento como perruqueiro Español do ano 2013-14 e premio Qhair á Innovación polo seu proxecto educativo EN LIÑA.

Videocinco Editorial, como referencia de publicacións no ámbito da familia profesional, e L'ORÉAL PROFESSIONNEL, firma de recoñecido prestixio no sector da Imaxe Persoal.